MESA SECTORIAL 29/10/2026

1. CONCURSO ORIENTACIÓN 2026
2. CONCURSO ADULT@S 2026
3. CENTROS E POSTOS ESPECIAL DIFICULTADE

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe abordáronse os seguintes puntos:

1. Borrador Orde de 2026 pola que se convoca concurso de traslados específico para cubrir prazas nos centros que imparten ensinanzas de educación de persoas adultas.Valoración Xeral

Dende UGT Servizos Públicos reiteramos:

- Base cuarta. Pedimos retirar o requisito de estar dous anos dende a toma de posesión do último destino definitivo para a participación nos concursos específicos.

- Bótase en falta 1 PRAZA de PRIMARIA en el EPAPU de Monterroso (2 años en CADP).

- **Resposta da Administración**
  - Publicacion:26 de novembro. Prazo participación a partir do 27 de novembro.
  - Van a revisar as vacantes .

2. Borrador Orde de 2026 pola que se convoca concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación.Valoración Xeral

UGT solicita cambios no baremo e nos criterios de uso das prazas para garantir atención á diversidade, profesionalización do persoal de orientación e transparencia na valoración das funcións e méritos.

Rede e organización da orientación

- Reclámamos a eliminación de prazas compartidas que dificultan a atención á diversidade e aumentando a dotación de orientadores en centros con máis de dúas liña ou mais de 250 alumnos/as

Dotación de postos e especialización por tipos de centro

- Solicítamos en CPIs unha estrutura con dous especialistas: un para infantil/primaria e outro para a ESO, para evitar perdas de talento e abandono.

Requisitos de titulación e adxudicación de xefaturas

- Esiximos que as vacantes de xefatura de departamento de orientación exíxan como requisito as titulacións do artigo 4 do Decreto 120/1998[doutoramento ou licenciatura en psicopedagoxía; doutoramento, ou grao en pedagoxía ou en psicoloxía; doutoramento ou licenciatura en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagoxía ou psicoloxía), actualizando dita listaxe (p.ex., incluíndo Mestrado en Psicopedagoxía)]e, se fose necesario, reformando o decreto para facelo obrigatorio.
- Reclámase que os postos de xefatura non se adxudiquen a persoal sen titulación axeitada e que os criterios de xefatura se revisen porque son inviables para docentes itinerantes.

3. Borrador Orde de 2026 pola que se establecen os centros e os postos cualificados de especial dificultade.

- A Administración propón un borrador diferente, que non incorpora listado fixo de postos. Proponse que a publicación sexa anual mediante resolución publicada con anterioridade á convocatoria de CXT.
  Pasarán unha nova redacción e un novo listado de postos.

4. Outros asuntos tratados

1.- Información Aulas Senda:
Pedimos información, xa que a única información chegou a traves da prensa.

2.- Condicións dos postos Itinerantes.
Pedimos que se traslade as direccións territoriais a necesidate de que as itinerancias teñan mais coherencia, para que se respete a compensación horaria correspondente.

3.- Abono dos meses de verán para o persoal substituto e interino.
Solicitamos que se empece a aboar os meses de verán para o persoal substituto e interino que traballe máis de 5 meses.

4.- Actualización Orde Permisos e Licencias.
Pedimos a actualización da Orde de Permisos e lincencias para incorporar todos os cambios producidos nos últimos anos.